

A teimosía da Ave Fénix

18 Xaneiro, 2022

[David Rodríguez](#)

<https://luzes.gal/18/01/2022/temas/cultura-temas/a-teimosia-da-ave-fenix-camilo-diaz-isaac/>

A Fundación Vicente Risco vén de editar, a través do seu selo Dr. Alveiros, *O legado pioneiro de Camilo Díaz Baliño. Unha bigrafía artística* (2021), a cargo da investigadora **Iria-Friné Rivera Vázquez**. Un traballo voluminoso, de portada vistosa, xeneroso en imaxes e substancioso en datos ao que só se lle pode achacar certo desleixo no repaso último do orixinal; non tanto no que ten que ver coa corrección lingüística como coa corrección ortotipográfica. Un libro-objecto que aparece deslucido polas grallas que entorpecen a lectura; eiva que, sen dúbida, poderase solventar en vindeiras edicións.

Dito isto, o traballo de Iria-Friné Rivera Vázquez presenta a bondade de achegarnos, por medio de catro grandes epígrafes, ao percorrido vital de **Camilo Díaz Baliño** desde unha perspectiva puramente artística e cunha atención demorada —descriptiva e interpretativa— a cada unha das creacións que saíron das mans do artista. Presenta o libro certo espírito didáctico no que ten que ver coa historia da arte; ofrecendo en paralelo, de xeito sumario, as principais liñas propositivas das correntes artísticas internacionais (simbolismo, *art déco*, prerrafaelismo...) que influíron na plástica do ferrolán. Este didactismo será xulgado de xeito positivo ou negativo en función do coñecemento previo que o lector ou lectora teña da materia.

Baliño, como moitos intelectuais europeos contemporáneos, arelaba —co regreso a estéticas pasadas, medievalizantes e místicas— un afinamento que actuase como antídoto do cosmopolitismo abstracto burgués e do desencantamento do mundo weberiano. Pero esa procura no pretérito e no misterioso non implicaba unha visión pasatista das cousas. Como sinala a propia autora da biografía, Baliño «era un romántico namorado das vangardas máis puxantes, capaz de visitar unha catedral románica e logo ir a unha galería de arte contemporánea» (80). Dun xeito semellante, pensamos, ao **Castelao** do *Diario* de 1921 que, malia non encaixar as ideas dadaístas ou surrealistas expostas nas galerías de París, si valorizou o expresionismo e o futurismo ao tempo que namoraba da vangarda rusa como síntese perfecta do antigo e o moderno.

Baliño, dinos Iria-Friné Rivera, foi decisivo na creación dunha imaxe galega a partir da tradición autóctona. A súa teimosía na procura de todas as posibilidades expresivas das formas vernáculas ten na anta un exemplo senlleiro. Este ítem aparecerá unha e outra vez na súa produción elevado a altar de sacrificio e resurrección nacional. E será tamén o motivo gráfico que o seu fillo —**Isaac**

Díaz Pardo— escolla para colocar en posición principal na vidreira que preside o hemiciclo do Parlamento de Galicia.

Alén do valor artístico, Baliño tamén se pode considerar un pioneiro das artes aplicadas. Así, as súas escenografías, os seus carteis turísticos, as portadas de revistas e os logotipos fan del un avanzado do deseño gráfico galego. A este respecto, de entre os documentos escritos que aparecen no libro resulta de interese a carta coa que Baliño entra no debate aberto sobre o deseño da bandeira galega. Debulla o intelectual o que no estandarte hai de histórico pero deixa claro, tamén, que calquera símbolo de creación recente ten na vontade de representar valores emancipadores e democráticos toda a lexitimidade que precisa (P. 318).

Que o pintor atopase na imaxinería celto-británica unha fonte de inspiración non debe estrañar. A diferenza da tradición francesa, máis dada ao espírito da tábula rasa, a británica encarna a idea de continuidade e de non contradición entre o par tradición e liberdade. Non en van, será a Arts & Crafts fundada polo socialista romántico **William Morris** o primeiro antecedente da longa xeira de colectivos críticos coa moral mercantil-burguesa e con vontade de intervención no campo da estética e das artes aplicadas. Unha xeira que enlazará en Europa coa Bauhaus e que en Galicia ten en Nós e en Sargadelos (pobre Sargadelos hoxe prostituído...) dous exemplos de primeiro nivel.

Baliño foi integrante das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. O seu espírito sintético extendíase ao eido político. Así, canda o Baliño da imaxinería relixioso-mística, convivía o Baliño que pintaba gorros fríos para ilustrar o pacto de Lestrove de galeguistas e republicanos, ou o Baliño ligado ás lóxias masónicas e catalizador dos motivos iconográficos daquelas, así como o Baliño que puxo o seu obradoiro a disposición da campaña do Estatuto de autonomía, campaña á que contribuíría co icónico cartel do gran si e a muller suxeitando a póla da oliveira e a roda dentada.

Unha síntese do tradicional e o progresista que amosará a súa faciana heroica diante do fascismo. Baliño será un de tantos *paseados* e abandonados sen vida na beira da estrada. Aquel que debuxou unha e outra vez a «Ara Gael», o altar do heroe celta —sucedáneo da imaxe de Cristo— sacrificado sobre a pedra horizontal da anta para verquer o seu sangue no Santo Grial que decora o escudo de Galicia, rematará convertido nun mártir da causa galega que, nalquela hora, era tamén universal.

O libro finaliza con algunhas reflexións da autora a respecto da apropiación postmortem das ideas de Baliño. En pleno franquismo, a revista *Abrente* retomará a iconográfica do dolmen. A ditadura, di Iria-Friné Rivera, «empregaría o celtismo como un medio para lexitimarse culturalmente» (P. 342). Pero será un celtismo, di Rivera, deturpado: «co paso das décadas comézase a identificar cuns valores anacrónicos, raciais e ultramontanos» (P. 344). Ademais, no franquismo plaxiaranse creacións de Baliño sen sinatura: en 1958 reutilízase, sen dar conta da autoría, o seu cartel para a vila de Betanzos. Esta manipulación póstuma do pintor por parte do novo Estado leva á autora a falar dunha proceso de auténtica *damnatio memoriae*. Unha tentativa de borrado da historia, primeiro físico e despois intelectual, que, como demostra a existencia do libro que comentamos, resultou fracasado: Camilo Díaz Baliño é, e así o sinala Iria-Friné Rivera Vázquez, unha Ave Fénix que renace das cinsas.